

3 parte

A
lingua

A cultura común



A Cultura **COMÚN**

A lingua

Máis aló do ciclo anual, o Patrimonio Inmaterial galego-portugués ten moitas outras manifestacións que teñen unha presenza constante nas dúas comunidades ao longo de todo o ano. Imos repasar algunhas delas:

A lingua

Aínda que por circunstancias políticas e históricas o tronco orixinario galego-portugués acabou tendo unha evolución diferente, é innegable a gran coincidencia lingüística (léxico, expresións...), maior aínda nos territorios fronteirizos, onde o idioma, máis que unha barreira, é unha chave que facilita o entendemento.

Os cantares, a música e as danzas

A música e as danzas tradicionais é outra manifestación diáfana do patrimonio inmaterial compartido. Tanto a un como a outro lado da fronteira hai numerosas coincidencias: instrumentos, xeitos de bailar e de cantar.



Un exemplo paradigmático de cantares é o das Regueifas, denominadas tamén, segundo a zona, Cantares ao Desafío ou Despiques. Cargadas de retransa e de inventiva, as súas raíces proveñen das mismísimas cantigas de escarnio e maldicer tan en boga na florecente literatura galego-portuguesa medieval.

Actividade



Nesta sopa de letras hai oito instrumentos moi comúns na cultura galego-portuguesa: (pandeireta, gaita, acordeón, bombo, birimbao, zanfona, tamboril e cunchas) A ver se es quen de atopalos!

O	L	B	P	R	O	Z	A	C	R	Z	T
V	K	Y	M	S	X	Y	E	V	V	V	N
A	J	N	O	N	G	O	D	X	G	X	D
R	F	Q	F	C	F	P	I	L	A	S	Z
C	V	F	T	F	V	A	U	O	P	Q	P
H	Q	K	V	E	K	I	Q	S	I	N	S
P	M	R	E	O	E	C	R	S	L	D	S
V	A	I	E	S	S	N	O	A	U	U	G
Y	R	H	N	N	U	E	A	R	T	Q	K
E	G	J	T	B	X	T	T	I	P	M	W
X	A	N	A	S	O	R	E	G	T	D	T
R	R	W	E	Q	T	O	L	G	A	H	K
R	I	N	A	L	V	H	O	L	B	L	G
A	D	D	D	R	G	O	I	R	I	L	V
I	A	G	F	E	C	A	V	C	O	E	Y

CRAVO
DALIA
GIRASOL
HORTENSIA
LIRIO
MAGNOLIA
MARGARIDA
NARCISO
ORQUÍDEA
ROSA
TULIPA
VIOLETA

A ARTESANÍA E OS OFICIOS

Nun mundo cada vez máis globalizado, os antigos oficios foron minguando en prol da produción en cadea. Aínda así, cada eles sobreviviu unha riquísima cultura lingüística propia e, sobre todo, a transmisión duns saberes profesionais que en non poucas ocasións eleva o traballo a arte.



Sabías que

moitos oficios posuían unha xerga propia. E preguntáste o que é? Sacámoste de dúbidas. As xergas ou xirias son linguaxes que crearon determinados oficios tradicionais para se diferenciar como grupo e tamén evitar ser comprendidos polas xentes alleas á profesión. Imos ver un caso concreto: o barallete. Esta xerga empregábase os afiadores ourensáns doutro tempo.

Hai poucos anos, a banda decana do rock en galego, ZënZar, publicou un disco que incluía unha canción nesta xerga: 'Caneando ruínas' (Podes escoitala neste vídeo de Youtube)

Para que vexades como era esta linguaxe en clave mostrámosvos un fragmento:

Caneando ruínas a voltas de tarazana
nun moro do meu maquino atopei unha belena
a súa garlea é dulzórreo, os seus mireus son o mar
eu só che quero mizcar

A que non entendestes nada? Pois aí vai a tradución:

Camiñando polas rúas a voltas de afiador
nunha aldea do meu camiño atopei unha muller
a súa boca é azucre, os seus ollos son o mar
eu só te quero bicar.



Actividade

Ímosvos poñer a proba. Pescudade que fan as persoas que se dedican a estes oficios. Despois sinala cales son tradicionais e cales máis recentes.

- | | | |
|------------------------------------|-----------------------------------|------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> oleira | <input type="checkbox"/> xastre | <input type="checkbox"/> radióloga |
| <input type="checkbox"/> antenista | <input type="checkbox"/> soldador | <input type="checkbox"/> queixeiro |
| <input type="checkbox"/> ferreira | <input type="checkbox"/> cesteira | <input type="checkbox"/> zoqueira |



PNO!
PONGE NAS ONDAS!

 XUNTA
DE GALICIA

PNO!
PONGE NAS ONDAS!